

TEMA 1

Como dixemos, neste primeiro tema abordamos diferentes conceptos fundamentais cando pensamos en facer unha páxina web e máis polo miúdo cando falamos de empregar as vantaxes que nos oferta HTML5.

Qué é unha páxina web?

Aínda que todos e todas nos accedemos a diario posiblemente a dúcias de páxinas web seriades capaces de definir que é unha web?


A grandes trazos podemos definila como un documento electrónico polo xeral escrita en linguaxe HTML que é accedida e intepretada por un “software” chamado “navegador” (Firefox, Chrome, Safari, etc), que é quen interpreta ese documento.

De feito podemos concluír que o que vemos nos navegadores non é a páxina web, senón como interpreta o navegador esa información. Seguro que vos aconteceu máis dunha vez que ao abrir unha páxina á que accedemos de xeito cotiá co mesmo navegador ten pequenas diferencias cando a abrimos con outro.

Continuando ca definición de “páxina web” temos que engadir que é un documento no que se poden amosar desde texto simple ata, cas novas ferramentas, e entre elas o HTML5, todo tipo de contidos tanto audiovisuais como pequenas aplicacións que funcionan dentro da propia páxina con táboas, xogos, etc.

Chegado este punto é convén aclarar que o que de xeito común chamamos páxina web en realidade tería que ser chamado “sitio web” (“web site” en inglés) e que un sitio web está composto por varias destas páxinas das que falamos.

As páxinas web como tal existen desde algo máis de 25 anos e como curiosidade amosámosvos aquí a que está considerada como a primeira:



Desde esta sinxela páxina foron mellorándose as tecnoloxías, tanto físicas (“hardware”) como dixitais (“software”), os códigos HTML e outros complementarios, etc, ata chegar a páxinas tan complexas e de uso diario como poden ser Youtube, Facebook, Gmail, etc.

Que é o código HTML?

Podemos partir dun claro exemplo “músical” para tratar de explicar en que consiste o código HTML.

Unha partitura é unha codificación gráfica dunha música concreta. Por si mesmo é inerte, ten que ser interpretada para ser desfrutada (ou non). Co código HTML pásanos o mesmo, é unha codificación escrita que é interpretada por un navegador de internet.

HTML son as siglas de **HyperText Markup Language** ou Linguaxe de Marcas de Hipertexto. A grandes trazos diremos que non é unha linguaxe de programación no senso

estrito. Non é como as linguaxes coas que se elaboran os programas que funcionan nas nosas computadoras, teléfonos ou tabletas. HTML baséase en dicirlle ao navegador onde está e onde debe situar cada elemento da páxina web que estamos a visualizar e dicir, que texto ten que inserir, en que tipo de letra, en que cor, que imaxes, vídeos, etc temos que ver, etc.



Con todas esta información dito navegador conforma a páxina web en tempo real.



Vexamos aquí un exemplo dunha páxina en código HTML e a súa interpretación.



```
1 </DOCTYPE html>
2 <html lang="gl">
3 <head>
4
5 <meta charset="utf-8">
6 <title>Novas - Confederación Intersindical Galega - Federación Ensino</title>
7 <base href="http://www.cig-ensino.gal/">
8
9 <meta name="robots" content="index, follow">
10 <meta name="description" content="">
11
12 <link rel="apple-touch-icon" type="image/png" href="icon.png">
13 <link rel="shortcut icon" type="image/png" href="icon.png">
14
15 <link rel="stylesheet" href="assets/css/161675b92a1.css">
16 <link rel="stylesheet" href="assets/cig/bower_components/font-awesome/css/font-awesome.min.css">
17 <link href="https://fonts.googleapis.com/css?family=Roboto+Condensed:400,700,400italic,700italic,300,300italic" rel="stylesheet" type="text/css">
18 <link href="https://fonts.googleapis.com/css?family=Roboto:400,700,300" rel="stylesheet" type="text/css">
19 <link rel="stylesheet" href="assets/cig/bower_components/owl.carousel/dist/assets/owl.carousel.min.css">
20 <link rel="stylesheet" href="assets/cig/bower_components/owl.carousel/dist/assets/owl.theme.default.min.css">
21 <link rel="stylesheet" type="text/css" href="assets/cig/css/app.css?241020174">
22 <script src="assets/js/019955adcl6.js"></script>
23 <meta property="og:image" content="http://www.cig-ensino.gal/files/recursos/20171024 Mesa Sectorial.JPG">
24 <meta property="og:image" content="http://www.cig-ensino.gal/files/novas/2017/10/23/abau_2018_2.jpg">
25 <meta property="og:image" content="http://www.cig-ensino.gal/files/recursos/OrientaciónEducativa.png">
26 <meta property="og:image" content="http://www.cig-ensino.gal/files/novas/2017/10/18/201710 Mesa Xeral Función Pública 02.JPG">
27 <meta property="og:image" content="http://www.cig-ensino.gal/files/galerias/2017/20171016 Lume Nunca Mais/20171016 Quintana 03.jpeg">
28 <meta property="og:image" content="http://www.cig-ensino.gal/files/galerias/Nova Web/Nova Web.jpg">
29 <meta property="og:image" content="http://www.cig-ensino.gal/files/novas/2017/10/09/Lume Nunca Máis.jpg">
30 <meta property="og:image" content="http://www.cig-ensino.gal/files/novas/2017/10/08/IES Pino Manso.jpg">
31 <meta property="og:image" content="http://www.cig-ensino.gal/files/novas/2017/10/09/San Caetano_1.jpg">
32 <meta property="og:image" content="http://www.cig-ensino.gal/files/recursos/galego.jpg">
33 <meta property="og:image" content="http://www.cig-ensino.gal/files/novas/2017/10/06/201710 Prestacións Muface.jpg">
34 <meta name="viewport" content="initial-scale=1">
35
36 <!--[if lt IE 9]><script src="assets/html5shiv/js/html5shiv-printshiv.min.js"></script><![endif]-->
37
38 <script>document.cookie='resolution='+Math.max(screen.width,screen.height)+'; path=/';</script>
39
40 </head>
41 <body id="top" class="mac firefox gecko fx56" itemscope itemtype="http://schema.org/WebPage">
42
43
44 <div id="wrapper">
45
46 <div class="header">
47 <div class="inside">
48
49 <div id="menu-cabeceira">
50 <div class="row">
51 <div class="medium-5 columns small-text-center">
52 <ul class="menu">
53 <li>
54 <a href="afiliate.html">
55 <i class="fa fa-check"></i> Afiliate
56 </a>
57 </li>
58 </ul>
59 </div>
60 <div class="medium-2 columns text-center">
61 <span class="data-hora">
62 24 Outubro 2017 19:31
63 </span>
64 </div>
65 <div class="medium-5 columns small-text-center">
66 <ul class="menu align-right">
67 <li>
68 <a href="contacto.html">
69 <i class="fa fa-envelope"></i> Contacto
70 </a>
71 </li>
72 <li>
73 <a href="locais.html">
74
```

Fragmento de <http://www.cig-ensino.gal/>






Información da Mesa Sectorial do Concurso Xeral de Traslados

24 Out 2017

Toda a información do desenvolvemento da mesa sectorial celebrada o martes 24 de novembro

Buscar ...



Mércores 25 18:30 horas

Nos locais da CIG de

A Coruña	Pontevedra	Vigo
Oee	Lugo	A Estrada
Santiago	Ribadeo	Vilagarófa
Ribeira	As Pontes, Luns 23, 18.30.	
Ferrol	Verín, Xoves 26, 18.30.	
Ourense	O Barco, Xoves 26, 18.30, IES Lauro Olmo.	



A CIG-Ensino solicita que non se cambien os contidos nin o modelo de proba de acceso á Universidade para a materia Historia de España

23 Out 2017



Orientación

A Consellería de Educación debe dotar os centros de persoal para garantir a atención á diversidade e as necesidades de orientación

20 Out 2017

CURSOS de FORMACIÓN
2017-2018
Presencial e On-Line



Mesma páxina interpretada por Firefox.



HTML avanzou moito desde 1991 que é cando naceu, e con el avanzaron os navegadores, e dicir, un navegador de 2017 podería interpretar unha web de 1991 pero non a inversa.

Non imos entrar no detalle de todas as versións que pasaron deste HTML ata o HTML5 actual xa que non é o obxectivo deste curso.

Por que é tan importante HTML5?

Se HTML comeza a empregarse en 1991 non é a ta 2014 cando a versión estándar definitiva de HTML5 comeza a empregarse.

Moitas das melloras fundamentais en HTML están relacionadas con acadar unha mellor estrutura cando o desenvolvidor ou programador están traballando na creación da páxina. Isto é extremadamente importante por que ter estruturas máis limpas e coherentes fará que esa páxina funcione o mellor posible en todos os navegadores e que futuros programadores e deseñadores que teñan que facer traballos extra na páxina comprendan o que os anteriores fixeron.

Non imos entrar polo miúdo en cada un dos comandos xa que precisaríamos de bastantes coñecementos previos e ademais non imos ter que empregalos nesta formación.

Podemos amosar como exemplo de esta simplificación estrutural un mesmo código escrito con HTML normal e con HTML5.

The diagram illustrates the structural simplification from HTML to HTML5. It is divided into two main sections: HTML and HTML5.

HTML Section:

- Header: `<div id="header">`
- Navigation: `<div id="nav">`
- Main Content Area (split into two columns):
 - Left Column: `<div class="article">` containing `<div class="section">`
 - Right Column: `<div id="sidebar">`
- Footer: `<div id="footer">`

HTML5 Section:

- Header: `<head>` (with a yellow highlight and the text "HTML5 estruturado" next to it)
- Navigation: `<nav>`
- Main Content Area (split into two columns):
 - Left Column: `<article>` containing `<section>`
 - Right Column: `<aside>`
- Footer: `<footer>`

At the bottom of the diagram, there are three sets of three small red triangles pointing to the right, indicating a sequence or flow.

Como observades a simplificación e considerable.

En HTML5 mellóranse e xeito claro os denominados formularios, e dicir, as ferramentas que permiten ao usuario engadir datos en webs como por exemplo: calculadores de seguros, buscadores de hotel, voos, apartamentos, etc. Posiblemente a mellora máis coñecida polo gran público é a que permite reproducir contidos multimedia directamente nas webs HTML5 sen necesidade de empregar FLASH.

Brevemente aclaramos que FLASH é un complemento (“plugin”) que se executa dentro do noso navegador que era quen realmente reproducía os contidos de webs como Youtube, este complemento era problemático en moitas ocasións e dispositivos e requiría grandes recursos. Aínda moitos dos vosos navegadores funcionan con FLASH pero os poucos empresas como Youtube, Facebook etc van substituíndo estes por ferramentas HTML5.

Estas son algunhas das características máis doadas de comprender que aínda que para nós a hora de realizar a nosa páxina web non van resultar un elemento problemático xa que imos traballar con padróns pre-programados e sen código HTML de por medio é preciso coñecelas aínda que sexa só por que melloran a nosa calidade de uso de Internet a diario.

Que é un navegador de Internet? Cales son os principais?

Aínda que moitos de vos xa saberedes que é un navegador e cales son os principais imos facer un breve resumo deles.

Podemos concluír que un navegador é un ferramenta informática (software) que instalada no noso dispositivo permítenos interpretar ese código HTML e amósanos dun xeito comprensible os contidos desa páxina web.

Continuando ca analogía da música escrita ou partitura, diríamos que o navegador é o interprete desa música. Todos os interpretes que len a mesma partitura nunha banda van tocar a mesma peza, pero por moito que tenten sempre haberá diferencias entre eles, iso pasa cos navegadores. E como xa dixemos HTML5 quere resolver iso na medida do posiblemente.

Durante moitos anos e non menos polémicas perto do 95% dos navegadores instalados no mundo eran Internet Explorer. Propiedade de Microsoft e que viña pre instalado nos sistemas operativos Windows.

Afortunadamente agora a diversidade e moito maior cousa que pode complicar un pouco o traballo aos programadores pero mellorou moito a calidade destes.

Os principais navegadores na actualidade son:

GOOGLE CHROME



Chrome

Chrome é o navegador desenvolvido por Google, na actualidade ten un 60% de cota de mercado.



É o navegador que incorporan todos os dispositivos Apple tales como iPhone, iMac, Macbook, etc e só pode ser empregado nestes dispositivos.



UC Browser
Confederación Intersindical Galega
ENSINO



UC Browser
Confederación Intersindical Galega
ENSINO



UC Browser
Confederación Intersindical Galega
ENSINO

UC Browser
Confederación Intersindical Galega
ENSINO



UC Browser
Confederación Intersindical Galega
ENSINO

UC Browser
Confederación Intersindical Galega
ENSINO

UC Browser
Confederación Intersindical Galega
ENSINO

UC Browser
Confederación Intersindical Galega
ENSINO

UC Browser
Confederación Intersindical Galega
ENSINO

UC Browser
Confederación Intersindical Galega
ENSINO

UC Browser
Confederación Intersindical Galega
ENSINO

Navegador desenvolvido en China desde 2004 e que conta cun 9% de cota a nivel mundial. Moitos expertos desaconsellan o seu uso por graves fallos de seguridade que pode implicar que o noso computador ou móbil resulte infectado por “malware”

MOZILLA FIREFOX

MOZILLA FIREFOX
Confederación Intersindical Galega
ENSINO



Firefox

MOZILLA FIREFOX
Confederación Intersindical Galega
ENSINO

MOZILLA FIREFOX
Confederación Intersindical Galega
ENSINO

MOZILLA FIREFOX
Confederación Intersindical Galega
ENSINO

MOZILLA FIREFOX
Confederación Intersindical Galega
ENSINO



MOZILLA FIREFOX
Confederación Intersindical Galega
ENSINO



MOZILLA FIREFOX
Confederación Intersindical Galega
ENSINO

Navegador de código libre e aberto que funciona en todas as plataformas. A súa aparición a principios do século XXI foi unha revolución e un dos causantes da perda de hexemonía de Internet Explorer

Actualmente conta cun 6% de cota

MOZILLA FIREFOX
Confederación Intersindical Galega
ENSINO

MOZILLA FIREFOX
Confederación Intersindical Galega
ENSINO

OPERA



Navegador multiplataforma privado do que podemos salientar que foi dos primeiros en realizar versións para dispositivos móbiles e ademais comezou a engadir características que despois foro adoptadas por outros navegadores maioritarios.

Ten un 4% de cota

INTERNET EXPLORER



Navegador nativo de Windows e fundamental nos primeiros anos de desenvolvemento e popularización da Internet.

Os seus constantes problemas de seguridade e falta de adaptación aos tempos fixeron que do seu 95% de cota este por debaixo do 4% actualmente.

De xeito paradoxal e incomprendible moitas Administracións Públicas requiren que o teñamos instalado para facer tarefas en liña con elas.

NOTA SOBRE OS NAVEGADORES: como ben saberedes non é necesario ter SÓ UN instalado no noso computador ou dispositivo móbil. De feito é recomendable ter máis dun sobre todo cando realizamos tarefas de deseño web, xa que podemos comprobar os avances do noso traballo en diferentes plataformas.

